



CERTIFICADO DE INTERRUPCIÓN DO SERVIZO

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, Amtega, como responsable da operación e administración tecnolóxica da sede electrónica da Xunta de Galicia,

CERTIFICA:

- Que entre o 29/02/2024 as 19:20 h. e o 01/03/2024 as 1:27 h. produciuse unha incidencia técnica na sede electrónica que impediu o anexado de documentación na presentación electrónica de solicitudes, recursos administrativos, escritos, comunicacións e documentos no rexistro electrónico xeral e imposibilitou o funcionamento ordinario do servizo.

De acordo co establecido no artigo 3 no Decreto 25/2020, do 13 de febreiro de 2020, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se regula a ampliación dos prazos de presentación de solicitudes, recursos administrativos, escritos, comunicacións e documentos, no caso de determinadas incidencias técnicas que imposibiliten o funcionamento ordinario da sede electrónica da Xunta de Galicia, os prazos de vencemento para a presentación de solicitudes, recursos administrativos, escritos, comunicacións e documentos que finalizaran o 29/02/2024 ampliaranse automaticamente vinte catro horas hábiles, contadas a partir da súa finalización.

Aos efectos do indicado no parágrafo anterior, e sen prexuízo da existencia doutros posibles casos, faise constar que segundo figura na Guía de procedementos e Servizos, regulada no artigo 5 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e publicada na sede electrónica, o 29/02/2024 era o día de vencemento do prazo de presentación dos seguintes procedementos e servizos:

Código	Procedemento
AU301D	Axudas para a realización de auditorías municipais das redes de saneamento para a detección de infiltracións
AU301E	Subvencións para a execución de obras para minimizar as perdas de auga en entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.
CO400F	Bolsa de formación no Instituto Galego do Consumo e da Competencia en materia de promoción e defensa da competencia.
CT110A	Bolsas de formación en materia de arquivos.
CT110B	Bolsas de formación en materia de museos
CT110C	Axudas destinadas a centros museísticos da Comunidade Autónoma de Galicia.
CT130A	Axudas para actuacións en materia de arquivos.
CT207A	Subvencións á produción e coprodución de proxectos audiovisuais galegos
CT233A	Bolsas de formación en biblioteconomía.
ED415A	Premios fin de carreira da Comunidade Autónoma de Galicia para o alumnado universitario.
ED481D	Axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG.





IN421H	Adhesión ao programa de axudas para proxectos de enerxías renovables de uso térmico, no sector residencial.
IN421N	Adhesión ao programa de axudas para proxectos de enerxía fotovoltaica no sector residencial.
IN606C	Axudas para completar a etapa de formación posdoutoral nas demais entidades do sistema I+D+I Galego.
MT402B	Programa de axudas para actuacións de corrección de impactos paisaxísticos destinadas a concellos de Galicia.
PE155A	Axudas autonómicas para proxectos ao abeiro das Estratexias de Desenvolvemento Local Participativas.
PE209G	Axudas autonómicas a proxectos colectivos para a modernización e mellora dos equipamentos e das infraestruturas dos portos pesqueiros, dos lugares de desembarque, das lonxas e dos ancoradoiros.
PE609B	Bolsas para a formación de persoal auxiliar en materia de investigación mariña.
PR472A	Expedición da habilitación e do distintivo do persoal de control de acceso a espectáculos públicos e actividades recreativas.
PR487A	Subvencións en réxime de concorrencia competitiva dentro do plan específico de acción comunitaria destinado a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais de Galicia.
TR807A	Axudas para o desenvolvemento das actividades ordinarias das organizacións sindicais (Programa I).
TR807B	Axudas para promover o funcionamento de gabinetes técnicos das organizacións sindicais e para plans de formación de cadros de persoal e delegadas e delegados sindicais (Programa II).
TR807K	Axudas destinadas ao financiamento de plans de formación compostos por actividades formativas dirixidas á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas co diálogo social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e a negociación colectiva (Liña 1).
TR807L	Axudas destinadas ao financiamento de plans de formación compostos por actividades formativas dirixidas á capacitación para o desenvolvemento das funcións relacionadas coa negociación colectiva (Liña 2).
TR852A	Axudas destinadas a accións de fomento da prevención de riscos laborais.
VI483C	Programa de axuda ao alugamento de vivenda na Comunidade Autónoma de Galicia.

Santiago de Compostela

